

Á ATENCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO ILTMO CONCELLO DE VIGO

Excelentísimo Sr Alcalde e Srs/as da Corporación Municipal:

Sirva o presente escrito para volver a manifestar a nosa total disconformidade, unha vez máis, co modelo e estado da actual reforma do Estadio Municipal de Abanca Balaídos.

Como xa lle comentamos en numerosos escritos, burofax, comunicados e asemade en roldas de prensa, entrevistas e redes sociais, **NON ESTAMOS EN ABSOLUTO DACORDO** coa forma en que se está levando a cabo a reforma do Estadio Abanca Balaídos, por non axustarse nin aos términos (plan) nin aos prazos previstos no convenio firmado o 28 de xaneiro de 2015.

Recentemente infórmasenos que dende o día 30 de novembro do 2020 non podemos dispoñer da bancada de Marcador nin da de Fondo, o que supón aproximadamente uns 6.500 asentos menos polo tempo que dure a obra das devanditas bancadas, según o Sr Alcalde, ata o ano 2017 (de feito así estaba previsto no convenio, que fixaba como data tope de finalización de toda a reforma o 30 de xuño do 2017), agora ata o ano 2022 ou 2023, según algunha das súas manifestacións.

Evidentemente esto volve supor un perxuízo para o club, non só no incumprimento da concesión e do convenio de reforma asinado, senón tamén para os nosos abonados e afeccionados. Como saben, hoxe temos aproximadamente 26.700 asentos dispoñibles no estadio e uns 22.000 abonados, co que se reducimos dita capacidade en 6.500 asentos e moitos deles, ademáis dos que compran entradas, non poderán acceder.

Asemade, comunicásenos que no seguinte verán modificaranse e suprimiranse asentos da bancada de Río, sen indicar cantos nin como será a nova redistribución da mesma.

Como saben, as bancadas de Río Alto e Baixo conteñen moitos abonados, moitos deles históricos, os cales coa reforma que plantexan facer verán desaparecer as súas butacas, algo que a todas luces é un despropósito.

Novamente traémoslles a colación, antes de que inicien as obras, sobre a normativa aplicable a distancia entre asentos: a recomendación é de 40 centímetros de distancia unha vez o asento está en posición de sentarse, e todos os equipos que fan reformas nos estadios poñen un mínimo de 32 centímetros, e de 40 cm, (mínimo), cando son estadios novos. Para mostra facilitamos:

SEDE
Calle Príncipe, 44
36202 Vigo - España
Tel. +34 986 110 900
Fax. +34 986 292 040

ABANCA BALAIÓDOS
Avda. Balaídos, s/n
36210 Vigo - España
Tel. +34 986 213 234
Fax. +34 986 214 764

A MADROA
A Madroa, s/n Candeán
36317 Vigo - España
Tel. +34 986 281 862
Fax. +34 986 281 898


ER-1171/2008
GRUPO RC CELTA
Departamento de
Seguridad e Instalacións


ER-0384/2017
REAL CLUB CELTA DE VIGO S.A.D.
Área Corporativa de
Finanzas, Administración y RRHH

35921669Q MANUEL CARLOS
MOURINO (R1A36609105)
38C04DD5CA38A55D5F4F6F7D78
AFB83E
GCP-2020/0014
GRUPO RC CELTA


GIA-2020/0014
GRUPO RC CELTA

AENOR
PROTOCOLO
FRENTE AL COVID-19
GRUPO RC CELTA

	ESTADIO	A (dato máis baixo do estadio)
REAL SOCIEDAD	ANOETA	40
DEPORTIVO	RIAZOR	35
R.MADRID	SANTIAGO BERNABEU	30
SPORTING	MOLINON	35

Como poderá entender o goberno local, eliminar os asentos e ademais non respectar estes mínimos é inadmisibile.

Por todo isto, a vista de que continuarán coas obras de calquera maneira, solicitámoslles que nos especifique claramente cantos asentos van suprimirse e de que forma, ademais de que nos garanticen o cumprimento mínimo de distancia entre asentos tal e como explicamos anteriormente, aos efectos de informar a todos os nosos afeccionados.

Aos membros da corporación volvemos pedirllas pola mesma carta que intenten parar este despropósito, que fagan o máximo para que os nosos abonados teñan un espazo mínimamente cómodo, para que se respecten aos nosos abonados e seareiros e ao club e para que se pare esta reforma que non cumpre o mínimo para representar a cidade de Vigo.

Esta carta volve ser unha chamada desesperada, unha vez máis, para que se respecten aos afeccionados, abonados e ao club.

Reciba un saúdo.



Fdo: Carlos Mourinho Atanes
Presidente Real Club Celta de Vigo SAD